

# PREGÓN 2009

Bos días boirenses e visitantes. Moitas gracias no noso nome e no das compañeiras que non poden estar aquí, por achegarvos hoxe a esta Praza de Galicia nun momento tan especial e entrañable para nós.

Decimos que é un momento especial, sobre todo por dous motivos. Primeiro, polo feito de entrar nese selecto grupo de mulleres que leron o pregón das festas de Boiro, tradicionalmente reservado aos homes. E en segundo lugar, por tratarse esta elección dunha homenaxe a todas aquelas rapazas que, vencendo os prexuízos, decidimos implicarnos na práctica dun deporte tan duro e esixente como o remo, tradicionalmente –e volvemos a repetirnos- reservado aos homes.

Moitas gracias, pois, á comisión por acordarse de nós. E queremos que o agradecemento sexa dobre; pois non só fomos escollidas para ler o pregón, senón tamén para ser as raíñas das festas.

Respecto á elección como raíñas, decir que ao principio non o viamos moi claro, pois nós movémonos mellor dentro dun batel surcando a ría que paseando as rúas de boiro nun descapotable. Pero despois de escoltar as razóns da comisión, opareceunos unha excelente idea que a elección recáia sobre persoas que destaquen ou teñan destacado nalgunha faceta máis alá da bleza física. E aínda respecto a esta cualidade, vós decidiredes se damos ou non a talla.

As mulleres contamos cada día máis, temos máis protagonismo na sociedade. E, en consoancia cos tempos, bo é recoñecer os méritos no deporte, no ensino, nas letras, na empresa,...

Anos atrás xa foron raíñas as chavalas do club deportivo Boiro; as pioneiras do balonmán boirense, que despuntaran nos lonxanos anos 60. E as mozas do grupo de baile das amas de casa. Todas representan valores duradeiros que enriquecen a sociedade. ¡Que mellares embaixadoras das nosas festas que elas!

Animamos á comisión para que siga por este camiño, pois o número de mulleres boirenses destacadas nestes e neutros campos, é cada vez maior.

Aceptamos agradecidas, pois, esta dobre designación: a de raíñas e a de pregoeiras destas celebracións estivais.

Pois ben, as mulleres do club de remo cabo da curz fomos invitadas pola comisión de festad do verán 2009 en recoñecemento á nosa trayectoria deportiva, especialmente dos últimos anos, que nos permitiu, entre outros logros, facer que o noso club se proclamara cinco veces campión de España.

Estos logros son resultado dun traballo, duro e esixente, iniciado xa hai uns anos, máis de dez, cando un grupo de rapazas de Abanqueiro, Boiro, Cabo da Cruz e outros lugares do noso Concello nos iniciamos no remo a través das Escolas Deportivas Municipais.

O Remo é un deporte de equipo, no que as individualidades quedan solapadas polo conxunto. É un deporte durísimo, que require moita capacidade física, adestramento e constancia. Daquela todo isto non o tínamos moi claro, pero si Daniel Vázquez ( Dani o do Bocacho) o noso moitor das escolas deportivas.

A escola de remo dedicou principalmente o seu empeño e tempo a mover o maior número de nenos e nenas, facendo un circuíto de clases e adestramentos por toda a xeografía boirense. Os peinaos, as praias e mesmo o esteiro do Río Coroño, aos que Dani se desprazaba co carro dos bateis enganchado no vello *Peugeot 505* do club, foron testemuñas dos inicios de moitos nenos e nenas boirenses no remo en banco fixo.

Pouco a pouco, metidas unhas veces nun batel e outras nunca traineiriña, fomos afacéndonos a navegar pola ría da Arousa. A observar Boiro, Escarabote, Cabo da

CDruz, Portomouro ou Neixón dendo o mar. A pasar a caron da illa da Bensa, dos Baos, da Pedra da Aroña ou das innumerables bateas que salpican o Mar Arousán. A otear de lonxe a branca hermosura das praias de Barraña, Carragueiros, A Retorta, a Ladeira do Chazo, Mánanos ou o verdor da Serra do Barbanza, máis impresionante, se cabe, vista dende o mar. O espectáculo da nosa costa contemplada deste xeito convenceunos aínda máis de que o remo sería o noso deporte.

Como en case tódolos clubs modestos, os medios eran poucos e ruíns. Non é que agora o club ande sobrado deles, pero antes, e falamos tan só de mediados dos anos 90, a precariedade de medios era moita, circunstancia que lle daba aínda máis dureza aos adestramentos.

Recordamos, por exemplo, como tiñamos que compartir os vestiarios e a pouca auga das duchas coas categorías masculinas, aínda que, eso si, cada un no seu turno. Non pensedes mal. Ou como tiñamos que empuxar pola rampa do muelle abaixo o vello *Peugeot 505*, para que Dani pondera arrancalo e levarnos de volta para casa despois do adestramento.

Atrás foron quedando moitas horas de esforzo e sacrificio, tanto noso como dos adestradores e directivos, e pasados uns anos, despois das nosas primeiras participacións sen pena nin gloria en varios campionatos recordamos o último posto no galego de bateis do ano 97, que disimulamos diante de amigos e familia decidindo que quedáramos quintas, o traballo comezou a dar os seus froitos.

Apoiados nunca sólida estrutura de base, a continuidade e bo facer do club levouno a que no segundo milenio comezara a dar os mellares resultados que xamais se deran, non só no remo en banco fixo senón tamén no olímpico. Tanto na categoría masculina como na nosa. As augas de Galicia, Asturias, Cantabria e o País Vasco souberon, entón, do poderío das remeiras boirenses. E as bandeiras, máximo galardón nas regataas de remo, foron enchendo o salón social do club de Remo Cao da Cruz.

Con todo, e como case sempre temos que facer as mulleres, houbo que vencer prexuízos nun deporte ata fai pouco considerado únicamente de homes. No campeonato de España do ano 98 en Castro Urdiales, cando aínda as tripulacións femininas non recibían trofeos oficiais nin premios nin a súa proba recibía o tratamento de campeonato de España, as rapazas que alí acudimos deixamos claro que queríamos e merecíamos igual trato que os equipos masculinos. E fixémoslo vestindo todas unhas camisetas reivindicativas que encargaran as de Cangas.

Aquel sinxelo acto fixo mella na organización, que optaría por nos entregar as medallas sobrantes das categorías masculinas. O detalle non sabemos se calificalo de moi elegante, a nós, que quedáramos subcampionas, fíxonos moita ilusión naquel momento, e ademais a partir desa fecha soplaron ventos mellares para o remo femenino.

Hoxe precisamente, vimos de disputar en augas de Cabo da Cruz a regata inaugural da Primeira Liga Oficial do Remo Femenino en Galicia, outro gran paso.

Decía Franco cobas, boirense olímpico na especialidade de remo e pregoeiro das nosas festas no seu día, que o Club de Remo Cabo da Cruz fai un importantísimo servizo á sociedade boirense. Un servizo social, educativo e humanista. Porque ademais de competir a alto nivel, levando o nome de Cabo da Cruz e Boiro por toda a geografía remeira, vén posibilitando unha completa formación persoal para os seus remeiros.

Nós estamos dacordo coas afirmacións deste boirense olímpico e amigo que é Franco Cobas.

Pero para que todo isto que él di se faga realidade é necesario a implicación de moitas persoas. Persoas que, sacrificando o seu tempo libre e, ás veces, a súa saúde e economía, fixeron posible para nós poder participar neste hermoso proxecto que é o Club de Remo Cabo da Cruz. Por eso queremos adicar un recordo especial para Benigno Silva, e Dani

“O do Bocacho”, para os irmáns “Chameira”, Jesús e Jaime, para Araceli Fernández e “Chachi” Places, e para Mario Vidal, actual presidente que, ao igual que nós, se iniciara na Escola Municipal de Remo.

Sabemos que o remo non é un deporte maioritario, que arrastre masas, e que polo tanto teña tanta facilidade comoa outros para conseguir patrocinios. E tampouco é un deporte que xere cartos, ou que sirva de trampolín cara a profesionalidade para os que o practican, coma o fútbol ou o tenis.

Ademais da implicación das persoas, un proxecto como o do club de remo Cabo da Cruz necesita, como calquera outro, de apoio económico. E neste punto non podemos esquecer ao Concello de Boiro e a empresa Jealsa Rianxeira, soportes básicos da economía do club. Nin tampouco a cercanía e o apoio incondicional da Concelleira de Deportes Dores Torrado.

Aproveitamos a ocasión para dicir que seguirmos necesitado o apoio destas e doutras empresas e institucións. O remo é un deporte arraigado na nosa cultura tradicional, representando por un club que é un perfecto embaixador do noso municipio e xa ten sido recoñecido como un dos mellares de España da especialidade. É responsabilidade de tódolos boirenses manter aceso este ilusionante proxecto deportivo.

Nós, as mulleres que hoxe estamos nesta praza, en nome de todas as remeiras do noso club, as de agora e as que xa o deixaron, e tamén dos adestradores e adestradoras, de todos os que colaboraron co Club de Remo Cabo da Cruz, queremos agradecer sinceramente este recoñecemento da comisión organizadora.

E nnada máis que decirvos pola nosa parte. Simplemente reiterar que nos fai moitísima ilusión ser rañas e pregoeiras das festas do noso pobo. E desexarvos que pasedes o mellor posible estas celebracións de verán. Pola nosa parte tamén faremos o posible por disfrutar delas.

Moitas gracias Boiro e... AUPA CABO!!!!